CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

NOVA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA EN SANTA MARTA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A natación é un dos deportes máis completos que, na nosa cidade, é practicado por millares de persoas nas instalacións públicas tanto no Multiusos Fontes do Sar como no Complexo Deportivo de Santa Isabel. Entre ambas piscinas superan os 300.000 usos anuais, dos que ⅓ correspóndense con usos dos clubes federados. Cifras ás que habería que sumar tamén as da piscina universitaria e doutras de carácter privado que existen en Compostela. Con estes datos non é de estrañar que a demanda dun novo espazo público para practicar a natación sexa cada vez máis palpable, algo que aínda semella máis urxente se temos en conta que as limitacións actuais están a frear o crecemento dos clubes deportivos da cidade.

A dignificación das instalacións de Santa Isabel, así como a ansiada cuberta acristalada da piscina do Multiusos, facilitarán o uso deses equipamentos, pero non significarán unha solución integral e suficiente ás demandas para a práctica da natación existentes en Santiago a día de hoxe. É por todo isto que nos últimos anos ven collendo forma a necesidade de construír unha nova instalación deportiva centrada na práctica da natación, que conte cunha piscina e que se sitúe na zona sur da cidade onde hai solo dispoñible, por exemplo, na parcela DEP do SUP-6.

Por todo o anterior, na sesión do 30 de xaneiro de 2020 o grupo municipal de Compostela Aberta presentou unha moción no Pleno municipal que finalmente foi aprobada recollendo o seguinte acordo:

1. *Instar ao correspondente órgano de goberno de Santiago a elaborar unha planificación plurianual para que, durante o mandato 2019-23, se desenvolva un novo centro deportivo na zona sur da cidade, incorporando unha nova piscina que complemente as instalacións existentes; destinada a clubs de natación, waterpolo e triatlón e aberta a demandas de novas persoas usuarias; e especializada pola mañá no uso escolar, no uso terapéutico para persoas maiores, en programas para mulleres embarazadas, bebés, etc.*

2. *Impulsar unha comisión de traballo municipal na que, estando representados todos os grupos da Corporación, tamén participen representantes dos clubes que practican natación en Santiago, co obxectivo de marcar as necesidade específicas para a natación desta nova piscina municipal cuberta no ámbito de Santa Marta.*

3. *Instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a colaborar co Concello de Santiago na construción e financiamento desta nova infraestrutura deportiva que será integrada na rede de piscinas municipais públicas conxuntamente coa de Santa Isabel e a do Multiusos.*

Transcorridos case dous anos desde a celebración desa sesión plenaria descoñécese se o goberno municipal está levando ou non adiante os trámites pertinentes para acadar o obxectivo de dar cumprimento ao acordo plenario, tendo en conta ademais que a concelleira Esther Pedrosa fixo as seguinte manifestación no transcurso da sesión plenaria:

> *"mostramos o noso compromiso absoluto por facer a piscina, pero non unha piscina senón a mellor das piscinas, aquela que se adapte ás necesidades e que recolla as propostas dos clubs e as suxerencias dos grupos da corporación, buscaremos a financiación tanto polo público como polo privado pero non queremos que nos predeterminen á hora de facelo cando ainda non coñecemos o seu custe"*

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO:**

1. **Esixir ao Goberno local a que cumpra o acordo plenario de xaneiro de 2020.**

2. **Instar á concelleira de Deportes a dar contas sobre que suxestións ten recollido dos clubes e dos grupos da oposición, que reunións ten realizado, con quen, e en que se teñen concretizado.**

3. **Instar ao goberno local a dar conta de qué trámites ten realizado para conseguir o financiamento para a construción da nova pisicina cuberta de Santa Marta con fin de que esta sexa unha realidade canto antes.**

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2021

Xan Duro Fernández

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta